

I.E.S. CIUDE DE ANTIOQUÍA

PROGRAMACIONES DIDÁCTICAS DO DEPARTAMENTO DE LATÍN

Curso 2020-2021

ÍNDICE

Latín 4º de ESO: p. 4-29

- Introducción 4
- Contextualización 5
- Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.....6
- Instrumentos de avaliación20
- Criterios de cualificación..... 20
- Metodoloxía didáctica..... 21
- Materiais e recursos didácticos.....23
- Procedemento para a avaliación inicial..... 23
- Procedemento de avaliación continua.....23
- Procedemento de avaliación extraordinaria.....24
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente24
- Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica 29

Latín 1º BACHARELATO: p. 30 a 68

- Introducción 30
- Contextualización 31
- Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave 32
- Vinculación entre Criterios de avaliación, Contidos, Obxectivos, Estándares de aprendizaxe, Grao mínimo de cumprimento dos estándares, Competencias clave e Temporalización 40
- Metodoloxía 63
- Materiais didácticos65
- Avaliación..... 65
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....68
- Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica..... 68

Latín II, 2º de BACHARELATO: p. 69 a 99

- Introducción69
- Contextualización 70

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

- Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais..... **71**
- Instrumentos de avaliación **94**
- Criterios de cualificación..... **94**
- Metodoloxía didáctica..... **95**
- Materiais e recursos didácticos..... **97**
- Procedemento para a avaliación inicial..... **97**
- Procedemento de avaliación continua..... **97**
- Procedemento de avaliación extraordinaria..... **98**
- Actividades de recuperación e reforzo para alumnado coa materia pendente ou que non cursase a materia Latín I..... **98**
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente **99**
- Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica **99**

Actividades extraescolares..... 100

Apéndice sobre as circunstancias excepcionais motivadas polo contexto sanitario e sobre os posibles cambios de escenario.....101-104

LATÍN 4º E.S.O.

Introdución

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, tendo presente que son a orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental. Este feito permitirá, logo da adquisición duns mínimos coñecementos morfosintácticos e léxicos, entender as linguas romances como resultado da evolución do latín.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

Trataremos de iniciar o alumnado no estudo do latín de cuarto de ESO cun método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución.

O estudo da herdanza clásica non só está presente na lingua latina, senón que abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Os bloques nos que se organiza a materia refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

É por iso que, en todos os temas, partirase da realidade dos textos, abordándoos de xeito distinto segundo que parte se pretenda destacar.

En canto ás competencias clave, a que máis presenza terá será a comunicación lingüística xa que o estudo da lingua latina redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado pola profesora, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Contextualización

O contexto extraordinario e inestable derivado da situación sanitaria (Covid 19) vai determinar a elaboración e aplicación desta programación.

Por unha parte, partimos dunha situación na que o alumnado non adquiriu todas as aprendizaxes lingüísticas precisas para o bo desenvolvemento das materias de linguas, polo que será preciso facer axustes curriculares segundo as necesidades do grupo e tamén as individuais derivadas dos resultados da avaliación inicial, alomenos, durante o primeiro trimestre deste curso.

Asemade, contémplanse tres posibles escenarios, que a día de hoxe é imposible concretar, debido á situación sanitaria cambiante e imprevisible: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Por iso, é preciso prever as adaptacións necesarias para o ensino non presencial ou semipresencial identificando de forma expresa aquelas aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

Con esta perspectiva, darase preferencia ás actividades que utilicen recursos dixitais, xa que estas pódense adaptar ó ensino presencial e non presencial, tanto para o traballo en grupo coma individual.

Todas estas circunstancias excepcionais, vense favorecidas polas características do alumnado de latín, xa que se trata dun grupo reducido o que xa, en circunstancias normais, permitía una metodoloxía máis dinámica e personalizada.

Aínda que se trata dunha materia nova, a experiencia de anos anteriores aconsella observar nas primeiras sesións as destrezas de cadaquén en cuestións básicas de morfoloxía e sintaxe nas linguas coñecidas polo alumnado, xa que carencias deste tipo impiden comezar ben o achegamento a unha lingua nova como é o grego.

Por outra parte, tamén derivado da experiencia anterior, o alumnado, que en moitos casos cursou Cultura Clásica, adoita chegar moi motivado con respecto ós temas de cultura e civilización, o que facilita a introdución deste temas, mentres que é un pouco máis difícil o tratamento da lingua.

Para evitar esa dificultade, tratarase de mesturar ambos co tratamento dos textos.

Resulta unha ventaxa a impartición da materia de latín no contexto xeográfico e cultural que nos atopamos. A presenza de abundantes restos romanos materiais no propio centro escolar -marco das

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

Antas, miliario romano-, e nas súas proximidades - recinto arqueolóxico de Xinzo, Vía Nova, campamento romano de Aquis Quaerquennis, Sta. Mariña de Augas Santas e Armea, etc.- axuda a ver a presenza romana na propia historia, mais alá da lingua que se fala.

Tamén, a celebración da festa do Esquecemento en Xinzo de Limia será un bo referente para achegar a presenza romana ó contexto.

Con relativa frecuencia os medios de comunicación recollen informacións sobre novos achádegos romanos na Limia ou proximidades, o que vai axudar a:

- Evitar a idea de que a materia de Latín se adica ó estudo dunha lingua e dunha realidade pasada ou incluso morta.
- Proxectar o pasado das civilizacións que se desenvolveron na Limia no presente, amosando a presenza romana e o paralelismo entre situacións pasadas e presentes.
- Mellorar a motivación do alumnado cara o que se estuda en Latín.

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais

Ob-xec.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de cumpri. dos estándares	Compe-tencias clave	Conti-dos transv.	Tempo-raliza-ción
	Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances					CL EOE CA	5 sesións 1ª avaliación
fñ	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico	75%	CMCCT CCEC		

I.E.S. CIUDE DE ANTIOQUÍA

o		mapas o marco xeográfico da lingua latina.	no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.		CAA CD CSC		
e ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüístic.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente	LAB.1.2.1. Defíne o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	50%	CD CAA CMCCT		
l ñ o	B1.2. O indoeurop. Linguas indoeurop. e familias lingüístic.	B1.3. Agrupar as linguas indoeurop. en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	50%	CSC CAA CD		
l ñ o	B1.3. Linguas de España: romances e non	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España,	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non	75%	CSC CAA CD		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

	romances.	clasificalas e localizalas nun mapa.	romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.				
f ñ o	B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	75%	CCL CAA		
b ñ o	B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	50%	CCL CAA		
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos						CL CA EMP EOE	2 sesións 1ª avaliación
e	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función.	75%	CD CCEC		
e	B2.2. Orixes do alfabeto latino.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino,	50%	CAA CD		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

		modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.				
h	B2.3. Pronuncia do latín.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	75%	CCL		
Bloque 3. Morfoloxía						CL CA EOE IHM	20 sesións 1, 2ª e 3ª avaliación
b	B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	75%	CMCCT CCL		
e	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten	75%	CAA CCL		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

			identificalas e define criterios para clasificalas.				
e b	B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	75%	CAA CCL		
b e	B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícalos segundo a súa categoría e a súa declinación.	75%	CD CCL		
			LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	75%	CCL CAA		
b e	B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	75%	CAA CCL		
			LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas	75%	CCL CAA		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

			regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación.				
e b h ñ o	B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	75%	CAA CCL		
			LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	50%	CD CCL		
			LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	50%	CAA CCL		
			LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	75%	CCL		
Bloque 4. Sintaxe					CL CA EOE	20 sesións	

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

							1, 2ª e 3ª avaliación
f	B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	75%	CMCCT		
h	B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	75%	CAA CCL		
			LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	75%	CCL		
e	B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu	75%	CCL		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

		correspon- dencia no galego e no castelán.	uso.				
b	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativa s.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	50%	CMCCT CCA CCL		
e	B4.5. Oración composta: oracións coordinada s.	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferenciaas das oracións simples.	50%	CAA CMCCT CCL		
h	B4.6. Construções de infinitivo e de participio máis transparentes.	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construções de infinitivo e participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construções de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	50%	CCL		
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización						CL CA EMP EOE IHM	15 sesións 1ª, 2ª e 3ª avaliación
a f e	B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as	75%	CSC CSIEE CD		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

ñ		da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixos cronolóxicos.	circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.				
			LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	50%	CAA CCEC CSC		
			LAB5.1.3. Pode elaborar eixos cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	75%	CD CAA CMCCT		
			LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	50%	CSC CCEC CCL		
a ñ	B5.2. Organización política e social de Roma.	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	50%	CSIEE CSC CCL		
			LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en	50%	CSIEE CSC CCEC CCL		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

			comparación cos actuais.				
c ñ	B5.3. A familia romana.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	50%	CSC CCEC CCL		
l n	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	50%	CCEC CCL CD		
n ñ	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	50%	CAA CCEC CD		
m	B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as caracterís-	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación,	50%	CD CCEC CSC CCL CSIEE		

I.E.S. CIUDE DE ANTIOQUÍA

		<p>ticas principais da alimentac. romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.</p>	<p>vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.</p>		<p>CCL CAA</p>		
d e ñ	<p>B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.</p>	<p>B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.</p>	<p>LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.</p>	50%	<p>CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC</p>		
Bloque 6. Textos						<p>CL CA EMP EOE IHM</p>	<p>20 sesións 1ª, 2ª e 3ª avaliación</p>
h	<p>B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.</p>	<p>B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na</p>	<p>LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou</p>	75%	<p>CCL CAA</p>		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

		tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	retroversión.				
d o	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	75%	CCL CAA		
h	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	75%	CCL CAA		
l f	B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	50%	CCEC CCL		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

		latinos traducidos.	LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	50%	CMCCT CD CCL		
b	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	25%	CCL		
g	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	10%	CCL		
Bloque 7. Léxico						CL CA EMP EOE IHM	8 sesións 1ª, 2ª e 3ª avaliación
h ñ o	B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	50%	CAA CCL		
			LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de	50%	CD CAA		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

			maior frecuencia.				
b ñ o	B7.2. Composi- ción e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composi- ción e na derivación cultas.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	50%	CMCCT CCL		
l ñ o	B7.2. Composi- ción e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	50%	CCL		
e b	B7.3. Locucións latinas de uso actual.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	50%	CD CSC CCEC CCL		

Instrumentos de avaliación

- 1) Notas de clase derivadas do traballo persoal encomendado para a casa e do realizado na clase.
- 2) Participación no blog do departamento, respondendo a cuestións alí presentadas.
- 3) Traballos en grupo ou individuais sobre cuestións relacionadas coa cultura e civilización latinas.
- 4) Traballos individuais derivados de actividades extraescolares.
- 5) Probas obxectivas: levaranse a cabo ó fin de cada bloque de contidos e terán os seguintes apartados:
 - I. Exercicios relacionados cos contidos lingüísticos e interpretación de textos. Suporá o 60% da cualificación da proba.
 - II. Resolución de cuestións en latín sobre “latín vivo”. Suporá o 10% da cualificación da proba
 - III. Exercicios relacionados cos contidos de cultura e civilización. Suporán o 20% da cualificación da proba.
 - IV. Exercicios de evolución de palabras dende o latín ás linguas románicas e latinismos. Suporá o 10% restante.

Criterios de cualificación

	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
NOTAS DE CLASE	10%
NOTA MEDIA DAS PROBAS OBXECTIVAS DO TRIMESTRE (excepto a última)	30% Nos exames indícarase a puntuación de cada cuestión.
NOTA DA ÚLTIMA PROBA OBXECTIVA DO TRIMESTRE	50% No exame indícarase a puntuación de cada cuestión.
NOTAS DOS TRABALLOS (blog, traballos de grupo ou individuais, traballos actividades extraescolares)	10%
RECUPERACIÓN	- Cada trimestre serve de recuperación dos anteriores –adquisición progresiva de coñecementos.

Metodoloxía didáctica

Debido á incerteza deste curso sinalada no apartado “Contextualización”, é preciso contemplar a metodoloxía que se empregará en caso de:

-Actividade lectiva NON PRESENCIAL

-Actividade lectiva SEMIPRESENCIAL

Este cambio de metodoloxía aparece recollido no apéndice desta programación adicado ós cambios derivados da situación sanitaria.

Se a actividade lectiva se desenvolve todo o curso con normalidade, é dicir, de modo PRESENCIAL, manterase a metodoloxía aplicada en cursos anteriores e que se reflexa a continuación.

Dado que non todo o grupo cursou Cultura Clásica en 3º de ESO, somos conscientes da necesidade de aplicar unha metodoloxía que estimule a curiosidade do novo alumnado cara a materia sen aburrir os que xa tiveron o ano pasado un achegamento.

Asemade, é preciso, transmitir-lles hábitos de traballo e incentivalos á participación, sen esquecer a utilización dos medios máis atractivos.

Dado que se persegue que o alumno sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, haberá que fomentar un tipo de ensino activo e participativo que poña nas súas mans os instrumentos necesarios para extraer e utilizar de modo conveniente a información. Dende esta óptica, é fundamental complementar o traballo individual co de grupo.

Os principios metodolóxicos que seguiremos serán os seguintes:

- O alumnado chegará á teoría a partires da práctica, ou cunha breve introdución teórica.
- O traballo con diversidade de materiais.
- Achegamento ó latín como lingua viva: prácticas de latín falado.
- Abundancia e diversidade de exercicios, evitando as explicacións demasiado extensas e procurando que o alumnado non estea inactivo.

Nos temas propiamente lingüísticos, que son a parte central da materia, farase unha presentación das cuestións gramaticais á maneira clásica, por ser clara e sistemática, pero de xeito moi sinxelo e básico, dando moita importancia á comprensión de oracións, primeiro, e de textos, despois, de dificultade progresiva. As explicacións na clase de aspectos morfosintácticos reforzaranse mediante a realización de exercicios, tanto na aula como na casa, de declinación, conxugación, tradución, etc. Estes exercicios serán corrixidos diariamente polos propios alumnos baixo a supervisión do

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

profesor, que poderá ir apreciando deste modo os niveis de asimilación dos contidos explicados e axeitando o ritmo e os procedementos de explicación ás demandas xerais ou específicas dos alumnos.

Nos temas de Civilización e herdanza latinas, enfocados case sempre dende un punto de vista meramente informativo, consistente en acumular datos acerca das civilización romana, procuraremos relacionalos coa súa pervivencia no mundo actual, de modo que ao entrar en contacto con esta civilización sexa máis capaz de comprender o seu entorno.

Tendo presente o plan para a integración e potenciación das TICS, especialmente no contexto xa descrito, este departamento manterá activo o blog de aula no que se recolle abundante material que se seguirá a usar durante este curso, coa fin de manter contacto permanente co alumnado, propoñer actividades, facilitar información complementaria, etc.

Asemade potenciarase o uso da **aula virtual** como prolongación da aula física, tanto se se mantén o ensino PRESENCIAL, como se cumprise modificalo a SEMIPRESENCIAL ou incluso NON PRESENCIAL. Este entorno permítenos manter contacto permanente co alumnado e ter sempre a disposición os recursos para a aprendizaxe que pretendemos.

O libro de texto que empregamos, ten unha versión on-line que o alumnado deberá activar. Deste xeito, pode acceder a contidos complementarios, exercicios, cuestionarios, videos, referenciados no formato en papel. Isto permitiranos tanto complementar as clases presenciais, como, de ser preciso, ter unha fonte de recursos moi útil, vencellados a cada tema, se houber que abandonar o ensino presencial.

Por último, dentro do apartado de potenciación das TICS, teremos activo **webex** para videoconferencias. Este recurso será de uso recorrente especialmente de pasarmos ó ensino NON PRESENCIAL ou SEMIPRESENCIAL, pero non se descarta o uso ocasional no contexto PRESENCIAL.

Materiais e recursos didácticos

- Libro de texto, Latín. 4 ESO, da editorial Edebé, 2016. Versión en papel e versión on-line
- Iulia: A latin reading book. Versión on-line <https://latinonline.es/aprender-a-leer-latin/julia-una-lectura-en-latin-facil-e-adaptada/>

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

- Lingua latina per se illustrata. Versión con exercicios on-line <http://www.culturaclasica.com/lingualatinaorberg.htm>
- Fondos bibliográficos da biblioteca do centro. Trataremos de utilizar a biblioteca coma unha prolongación da aula.
- Recursos de internet:
 - blogs do departamento (www.latinantioquia.blogspot.com , <http://blogs.prensaescuela.es/arqueoantioquia/> www.civitaslimicorum-atenas.blogspot.com
 - Aula virtual: nela recóllense todos os materiais de referencia e complementarios de uso en todas os modelos posibles de ensino PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL, NON PRESENCIAL, portais de videos, presentacións, buscadores...

Procedemento para a avaliación inicial

Debido a que se trata dun grupo pequeno, procederase a unha avaliación individualizada, por medio da interacción nas primeiras sesións do curso, sobre:

- Coñecementos previos sobre a materia
- Coñecementos básicos de tipo lingüístico
- Capacidade de expresión oral e escrita

Procedemento de avaliación continua

Durante o curso levarase a cabo un control continuado do progreso do alumnado mediante os instrumentos de avaliación xa mencionados.

Todo isto servirá de elemento evaluador da asimilación progresiva e continuada de contidos da materia e de comprobación de consecución de obxectivos.

Valorarase o traballo diario individual e en grupo, a participación, a actitude e o bo comportamento.

Procedemento de avaliación extraordinaria

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de xuño.

Na data de setembro que acorde o centro educativo realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalo.

O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia pendente.

As probas de recuperación extraordinarias terán como contidos os incluídos na presente

programación e á disposición da Comunidade Educativa na Xefatura de Estudos do Centro. Os criterios de avaliación serán os mesmos que nos demais casos.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Despois de cada unidade didáctica, o profesor analizará e evaluará o proceso ensino-aprendizaxe, co fin de observar:

- a adecuación dos materiais
- a adecuación dos procedementos
- a temporalización
- outras cuestións.

Utilizaremos as seguintes rúbricas para a autoavaliación do profesorado.

PLANIFICACIÓN

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación		

I.E.S. CIUDE DE ANTIOQUÍA

e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

INDICADORES	VALORACIÓN
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.	
2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).	
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.	
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.	
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.	
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.	
7. Promove a reflexión dos temas tratados.	

DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o		

I.E.S. CIUDE DE ANTIOQUÍA

	desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Formula actividades en grupo e individuais.		

I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados os estudantes e os pais.		

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica

Neste apartado pretendemos promover a reflexión e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS QUE SE AVALÍAN	ASPECTOS DESTACABLES	ASPECTOS QUE DEBEN MELLORAR.	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

LATÍN, 1º BACHARELATO

Introdución

No bacharelato perséguese un estudo en profundidade da lingua latina, lingua que está moi presente nas utilizadas e estudadas polo alumnado.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

Logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, o latín permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos.

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de

tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Contextualización

O contexto extraordinario e inestable derivado da situación sanitaria (Covid 19) vai determinar a elaboración e aplicación desta programación.

Por unha parte, partimos dunha situación na que o alumnado non adquiriu todas as aprendizaxes no curso anterior polo que será preciso facer axustes curriculares segundo as necesidades do grupo e tamén as individuais derivadas dos resultados da avaliación inicial, alomenos, durante o primeiro trimestre deste curso.

Asemade, contéplanse tres posibles escenarios, que a día de hoxe é imposible concretar, debido á situación sanitaria cambiante e imprevisible: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Por iso, é preciso prever as adaptacións necesarias para o ensino non presencial ou semipresencial identificando de forma expresa aquelas aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

Con esta perspectiva, darase preferencia ás actividades que utilicen recursos dixitais, xa que estas pódense adaptar ó ensino presencial e non presencial, tanto para o traballo en grupo coma individual.

Dado que se trata dun grupo pequeno pero que permite agrupamentos e traballo individual, o tratamento da materia pode facerse dun xeito dinámico sen perder a atención individualizada.

Teremos en conta a presenza dunha alumna que non cursou a materia en 4º de ESO, polo que haberá que traballar con ela de xeito específico, proporcionándolle materiais complementarios.

Aínda que o resto do grupo cursa por segundo ano latín, a situación excepcional do curso pasado así como a experiencia de anos anteriores aconsella observar nas primeiras sesións as destrezas do alumnado en cuestións básicas de morfoloxía e sintaxe nas linguas coñecidas polo alumnado, xa que carencias deste tipo impiden afondar no coñecemento do latín.

1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Enumera con orde e coherencia os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos.

Competencias clave

CSC - CMCCT

Temporalización: 3 sesións

Bloque 6. Textos

B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.

Obxectivos: e

Criterios de avaliación

B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.

Estándares de aprendizaxe

1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Utiliza con bastante corrección e exactitud el análisis morfológico e sintáctico de textos de dificultad graduada para efectuar correctamente su traducción o retroversión.

Competencias clave

CCL – CAA

Temporalización: 6 sesións

B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.

Obxectivos: d - p

Criterios de avaliación

B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.

Estándares de aprendizaxe

LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando

estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Utiliza con bastante soltura mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

Competencias clave

CAA– CCL

Temporalización: 3 sesións

B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.

Obxectivos: d - i

Criterios de avaliación

B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.

Estándares de aprendizaxe

LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Utiliza con certa soltura el dicionario para localizar el significado de palabras que entrañen dificultad identificando entre varias acepciones el sentido más adecuado para la traducción del texto.

Competencias clave

CAA– CCL

Temporalización: 5 sesións

B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.

Obxectivos: d - e

Criterios de avaliación

B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.

Estándares de aprendizaxe

LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta

ou noutras materias.

LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Realiza con bastante precisión comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.

Elabora con certa autonomía mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

Competencias clave

CSC – CCEC – CAA

CMCCT - CCL

Temporalización: 5 sesións

B6.6. Producción de pequenos textos en lingua latina.

Obxectivos: i

Criterios de avaliación

B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.

Estándares de aprendizaxe

LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Redacta con bastante precisión e autonomía frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto

Competencias clave

CCL

Temporalización: 3 sesións

B6.6. Producción de pequenos textos en lingua latina.

Obxectivos: i

Criterios de avaliación

B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.

Estándares de aprendizaxe

LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Mantén con bastante soltura un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado

Competencias clave

CCL

Temporalización: 3 sesións

Bloque 7. Léxico

B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.

Obxectivos:e

Criterios de avaliación

B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.

Estándares de aprendizaxe

LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.

LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Deduce con bastante precisión o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.

Identifica e explica con bastante precisión as palabras transparentes e de maior frecuencia.

Competencias clave

CAA– CCL

CD - CCL

Temporalización: 2 sesións

B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.

Obxectivos: d - p

Criterios de avaliación

B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.

Estándares de aprendizaxe

LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na

propia lingua.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Identifica e explica con bastante precisión e autonomía os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.

Competencias clave

CMCCT - CCL

Temporalización: 2 sesións

B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.

Obxectivos: d - p

Criterios de avaliación

B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.

Estándares de aprendizaxe

LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Deduce con bastante precisión e autonomía o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.

Competencias clave

CAA- CCL

Temporalización: 2 sesións

B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.

Obxectivos: e - p

Criterios de avaliación

B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.

Estándares de aprendizaxe

LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.

LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Identifica con bastante precisión a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e

explica a partir desta o seu significado.

Relaciona con bastante precisión palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

Competencias clave

CCL

CAA – CD - CCL

Temporalización: 2 sesións

B7.4. Locucións latinas de uso actual.

Obxectivos: g - e

Criterios de avaliación

B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

Estándares de aprendizaxe

LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.

Grao mínimo de cumprimento dos estándares

Coñece con bastante precisión o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.

Competencias clave

CCL

Temporalización: 5 sesións

Metodoloxía

Debido á incerteza deste curso sinalada no apartado “Contextualización”, é preciso contemplar a metodoloxía que se empregará en caso de:

- Actividade lectiva NON PRESENCIAL
- Actividade lectiva SEMIPRESENCIAL

Este cambio de metodoloxía aparece recollido no apéndice desta programación adicado ós cambios derivados da situación sanitaria.

Se a actividade lectiva se desenvolve todo o curso con normalidade, é dicir, de modo PRESENCIAL, manterase a metodoloxía aplicada en cursos anteriores e que se reflicta a continuación.

Nun curto período de tempo as circunstancias materiais para o ensino do latín variaron notablemente: dispoñemos de dous anos no bacharelato e o alumnado experimenta a necesidade de sentirse motivado para asimilar medianamente o que se lle di dentro da aula. Así as cousas,

habemos de admitir que o enfoque gramaticalista do ensino do latín non resulta precisamente moi motivador nin eficaz. Por iso, para tratar de obter esa motivación e interese do alumnado, evitando dificultades innecesarias e a aridez dun método predominantemente gramatical, véñense utilizando con notable éxito desde fai anos en distintos países europeos e americanos diversos métodos que combinan a prioridade do texto e a inducción, a partir deste, das regras gramaticais. O fin último deste método é que o alumno adquira a capacidade de entender os textos clásicos escritos en latín, así como de interpretalos dentro do seu contexto histórico e cultural, e para iso a gramática que se explica é a estrictamente necesaria para a comprensión do texto, e adoita emanar do texto mesmo que serve de base para a súa posterior explicación.

Para a aplicación dos principios de este método activo e inductivo resulta indispensable utilizar textos convenientemente adaptados ao grao de dificultade e ás necesidades de progresión do mesmo. O texto latino está na base e en torno a el xiran os demais elementos, relacionados temática e culturalmente con el, expoñendo os contidos lingüísticos de xeito progresivo e introducindo o vocabulario latino de modo gradual ao longo de todo o curso.

Por outra banda, a coincidencia do estudo das dúas linguas clásicas no Bacharelato invita a traballar ao unísono e a realizar unha actividade interdisciplinar que evite duplicidades innecesarias no desenvolvemento de ambas materias.

Os principios lingüísticos que subxacen nesta formulación esfórzanse por lograr unha síntese integradora combinando o mellor dos métodos tradicionais (gramaticalistas, deductivos) e modernos (activos, inductivos, comunicativos) no ensino do latín, tendendo ao ideal de aprender lingua utilizando contidos culturais relevantes, pois a lingua latina debe aprenderse nun contexto romano, de modo que a comprensión da lingua e da cultura avancen *pari passu*.

O obxectivo último é o de poñer canto antes ao alumnado ante textos orixinais que se poidan ler con confianza. Somos conscientes de que non podemos relegar a gramática, pero tampouco convén convertela no pretexto central do curso: é un instrumento máis de comprensión lingüística que estimamos no que vale. A lingua é un feito comunicativo, e iso inclúe ler, escribir, pero tamén escoitar e falar... En fin, sería insensato renunciar de antemán aos inagotables recursos ao noso alcance para facer máis atractivo e eficaz o ensino do latín.

Por outra parte, procurárase fomentar no alumnado a participación activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe, xerando na aula o clima máis apropiado e animando as súas iniciativas.

Tendo presente o plan para a integración e potenciación das TICS, especialmente no contexto actual, este departamento manterá activo o blog de aula no que se recolle abundante material que se seguirá a usar durante este curso, coa fin de manter contacto permanente co alumnado, propoñer actividades, facilitar información complementaria, etc.

Asemade potenciarase o uso da **aula virtual** como prolongación da aula física, tanto se se mantén o ensino PRESENCIAL, como se cumprise modificalo a SEMIPRESENCIAL ou incluso NON PRESENCIAL. Este entorno permítenos manter contacto permanente co alumnado e ter sempre a disposición os recursos para a aprendizaxe que pretendemos.

O libro de texto que empregamos, ten unha versión on-line que o alumnado deberá activar. Deste

xeito, pode acceder a contidos complementarios, exercicios, cuestionarios, videos, referenciados no formato en papel. Isto permitiranos tanto complementar as clases presenciais, como, de ser preciso, ter unha fonte de recursos moi útil, vencellados a cada tema, se houber que abandonar o ensino presencial.

Por último, dentro do apartado de potenciación das TICS, teremos activo **webex** para videoconferencias. Este recurso será de uso recorrente especialmente de pasarmos ó ensino NON PRESENCIAL ou SEMIPRESENCIAL, pero non se descarta o uso ocasional no contexto PRESENCIAL.

Materiais didácticos

- Libro de texto -Edebé-. Versión en papel e on-line.
- Julia: A latin reading book. Versión on-line <https://latinonline.es/aprender-a-leer-latin/julia-una-lectura-en-latin-facil-e-adaptada/>
- Lingua latina per se illustrata. Versión con exercicios on-line <http://www.culturaclasica.com/lingualatinaorberg.htm>
- Fondos bibliográficos da biblioteca do centro. Trataremos de utilizar a biblioteca coma unha prolongación da aula.
- Recursos de internet:
 - blogs do departamento (www.latinantioquia.blogspot.com), <http://blogs.prensaescuela.es/arqueoantioquia/>, www.civitaslimicorum-atenas.blogspot.com
 - Aula virtual: nela recóllense todos os materiais de referencia e complementarios de uso en todas os modelos posibles de ensino PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL, NON PRESENCIAL, portais de videos, presentacións, buscadores...

Avaliación

a) Instrumentos de avaliación.

- Notas de clase derivadas do traballo persoal encomendado para a casa e do realizado na clase.
- Participación no blog do departamento, respondendo a cuestións alí presentadas.
- Traballos individuais ou en grupo sobre cuestións relacionadas coa cultura e civilización latinas.
- Traballos individuais derivados de actividades extraescolares.

v. Probas obxectivas: levaranse a cabo ó fin de cada bloque de contidos e terán os seguintes apartados:

1. Exercicios relacionados cos contidos lingüísticos e a interpretación dos textos. Suporá o 70% da cualificación da proba. Hai que ter en conta que o alumnado deberá obter en cada apartado da proba unha nota mínima de 5, xa que non se concibe no estudio das linguas que alguén domine, por exemplo, a morfoloxía nominal e descoñeza absolutamente a verbal.
2. Exercicios relacionados cos contidos de cultura e civilización. Suporán o 20% da cualificación da proba.
3. Exercicios de evolución de palabras dende o latín ás linguas románicas e latinismos. Suporá o 10% restante.

b) Procedementos de avaliación.

Coa fin de obter información sobre a situación inicial do alumno/alumna é preciso levar a cabo unha avaliación inicial que nos oriente sobre a mellor adecuación do proceso de ensino-aprendizaxe.

A partir de aí, a profesora fará un seguimento diario das actividades realizadas individualmente e en grupo.

Ademais deste seguemento, cada certo tempo, ó final de cada unidade ou bloque de unidades moi conexas entre si, a profesora fará unha avaliación sumativa encamiñada a valorar o grao de consecución obtido por cada alumno/alumna respecto dos obxectivos propostos no proceso educativo.

De aí desprenderase o grao de capacidade e de dificultade co que o alumno/alumna se vai enfrontar ó seguinte tramo do proceso: á seguinte unidade didáctica ou bloque de unidades, ó seguinte nivel e.t.c... Sería, en todo caso, a avaliación inicial do novo proceso aberto

c) Criterios de cualificación

	<u>SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.</u>
NOTAS DE CLASE	10%
NOTA MEDIA DAS PROBAS OBXECTIVAS DO TRIMESTRE (excepto a última)	30% Nos exames indícarase a puntuación de cada cuestión.
NOTA DA ÚLTIMA PROBA OBXECTIVA DO TRIMESTRE	50% No exame indícarase a puntuación de cada cuestión.

NOTAS DOS TRABALLOS (blog, traballos de grupo ou individuais, traballos actividades extraescolares)	10% Cada participación no blog do departamento será calificada cun máximo de 0,25 ptos., ata un máximo de 1 pto.
RECUPERACIÓN	Cada trimestre serve de recuperación dos anteriores

Procedemento de avaliación de alumnado coa materia pendente

Non existe esta posibilidade neste nivel.

Procedemento de avaliación continua

Ó longo do curso levarase a cabo un control continuado do progreso do alumnado mediante os instrumentos de avaliación xa mencionados.

Todo isto servirá de elemento evaluador da asimilación de contidos da materia e de comprobación de consecución de obxectivos. Valorarase o traballo diario individual e en grupo, a participación, a actitude e o bo comportamento. A superación dunha avaliación implicará a avaliación positiva da anterior, xa que o coñecemento dunha lingua vaise producindo de forma progresiva, e no aspecto cultural, tamén é preciso ter uns coñecementos previos para seguir avanzando.

En canto ó alumnado que por acumulación de faltas de asistencia non xustificadas perda o dereito á avaliación continua, será avaliado a final de curso dos contidos detallados nesta programación, así como dos traballos obrigatorios. Tampouco estarán exentos de realizar as actividades de clase, polo que, se non asisten, deberán entregar á profesora as actividades que lles indique debidamente realizadas. Así mesmo, terase en conta a actitude manifestada nas clases ás que asistan trala perda da escolaridade.

Procedemento de avaliación extraordinaria

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de xuño.

Na data de setembro que acorde o centro educativo realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalo.

O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia pendente.

As probas de recuperación extraordinarias terán como contidos mínimos os incluídos na presente programación e á disposición da Comunidade Educativa na Xefatura de Estudos do Centro. Os criterios de avaliación serán os mesmos que nos demais casos.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os mesmos que os recollidos para 4º de ESO

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica

Os mesmos que os recollidos para 4º de ESO

LATÍN II (2º de Bacharelato)

Introdución

O alumnado que chega a 2º de Bacharelato na materia de latín ten unha certa competencia na comprensión da lingua latina, despois de dous anos de ter cursado a materia, como é o caso das alumnas deste curso.

Así pois, neste nivel, ademais de mellorar a súa comprensión dos textos latinos con traballo intenso con eles, tratarase de achegalos a aspectos menos coñecidos e nos que se afondou menos nos cursos anteriores. Especialmente referímonos a literatura latina, á toponimia e ó uso de latinismos.

O estudo máis en profundidade de obras literarias reservouse para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina e non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos, pero con máis profundidade en 2º de Bacharelato. Preténdese facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, aínda que xa nos cursos anteriores se adicara un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua, dentro deste ámbito, neste nivel, préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

Neste nivel, o desenvolvemento da programación ven marcado pola necesidade de adecuar o marco legislativo á concreción que esixe a necesidade de enfrontarse a un exame externo, como é a ABAU.

É por iso, que na selección de textos para traducir e analizar, así como nos temas de cultura e civilización, tomaremos como referencia as indicacións da CIUG, sen prexuízo de cumprimento do obxectivo primordial: acceder directamente ós textos orixinais máis importantes da tradición literaria latina, e a través deles ó denominado legado clásico.

Contextualización

O contexto extraordinario e inestable derivado da situación sanitaria (Covid 19) vai determinar a elaboración e aplicación desta programación.

Por unha parte, partimos dunha situación na que, como grupo, o alumnado non adquiriu todas as aprendizaxes no curso anterior polo que será preciso facer axustes curriculares segundo as necesidades do grupo.

Asemade, as diferencias dentro do grupo son moi grandes: houbo alumnas que levaron a cabo todas as tarefas na etapa non presencial do curso pasado, mentres que outra parte do grupo apenas desenvolveu ningunha tarefa. Así pois, a partires da avaliación inicial, detectaranse as necesidades individuais e de grupo para elaborar o plan de reforzo e recuperación.

Por outra banda, contémplanse tres posibles escenarios, que a día de hoxe é imposible concretar, debido á situación sanitaria cambiante e imprevisible: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Por iso, é preciso prever as adaptacións necesarias para o ensino non presencial ou semipresencial identificando de forma expresa aquelas aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación mais adecuados para a consecución deste obxectivo.

Con esta perspectiva, darase preferencia ás actividades que utilicen recursos dixitais, xa que estas pódense adaptar ó ensino presencial e non presencial, tanto para o traballo en grupo coma individual.

Dado que se trata dun grupo pequeno pero que permite agrupamentos e traballo individual, o tratamento da materia pode facerse dun xeito máis dinámico e personalizado.

A experiencia de anos anteriores aconsella observar nas primeiras sesións as destrezas do alumnado en cuestións básicas de morfoloxía e sintaxe nas linguas coñecidas polo alumnado, xa que carencias deste tipo impiden afondar no coñecemento do latín.

Neste sentido, o feito de que a profesora sexa a mesma que no curso pasado, facilita o traballo neste curso, xa que o punto de partida é coñecido.

Por outra parte, seguirase incidindo na presenza romana no contexto lingüístico, histórico e cultural, no que nos atopamos.

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais.

- COMPETENCIAS CLAVE-OBXECTIVOS¹-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE-ELEMENTOS TRANSVERSAIS²

1.- Competencia lingüística. Estándares de aprendizaxe.

Neste curso, os alumnos afondarán no coñecemento da lingua latina, no aspecto morfolóxico e, sobre todo, nos aspectos sintáctico e léxico, o que debe redundar nun mellor dominio do castelán, o galego e incluso o resto das linguas modernas – especialmente as románicas – que sexan obxecto do seu estudo agora ou no futuro. Como matriz das linguas románicas, pero tamén como modelo das linguas cultas do noso entorno cultural, o coñecemento da sintaxe, do léxico latino e das expresións latinas de uso frecuente aportarán aos alumnos un maior dominio e maior seguridade na expresión e no uso correcto das linguas modernas.

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.

OBXECTIVOS: p/i/ d

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EC, CA,

LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos ecultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras de evolución fonética, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilústrao con exemplos.

Bloque 2. Morfoloxía

OBXECTIVOS: l/i/ d

1 Aparecen vinculados ós bloques de contidos, polo que só se mencionan a primeira vez que aparece o bloque.

2 Aparecen vinculados ós bloques de contidos, polo que só se mencionan a primeira vez que aparece o bloque.

I.E.S. CIUDADE DE ANTIOQUÍA

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, TIC, CA,

LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.

LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.

LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.

LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán.

LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán.

LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos de morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

Bloque 3. Sintaxe

OBXECTIVOS: p/e/ d

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, TIC, CA,

LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.

LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñece.

LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.

LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.

LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.

Bloque 5. Textos

OBXECTIVOS: e/d/ b/ a/ h

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EC, CA, EMP, IHM

LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.

LA2B5.2.1 Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios dos textos.

Bloque 6. Léxico

OBXECTIVOS: p/e/ d/g/ h

LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.

LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.

LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.

LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

2.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Estándares de aprendizaxe.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento desta competencia ao permitir enfrontarse a textos de tipoloxías variadas nos que podan figurar non só elementos lingüísticos senón tamén elementos icónicos, gráficos, fotográficos;... con esta competencia achégase ó alumno a presenza do latín no

século XXI, en campos como a ciencia, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.

Bloque 4. Literatura latina

OBXECTIVOS: p/i/ d/h/n/g

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: CL, EC, CA, EMP, IHM, TIC

LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.

Bloque 6. Léxico

LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.

LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

3.- Competencia dixital. Estándares de aprendizaxe.

Xa hai bastantes anos que o latín chegou a Internet. Existen na actualidade moitas páxinas de calidade que permiten aos alumnos realizar exercicios, practicar mediante xogos aspectos da gramática ou da sintaxe latinas e acceder a toda clase de información relacionada co latín e coa civilización romana. Consideramos que é precisamente neste aspecto onde os profesores podemos instruír aos alumnos no emprego deste magnífico instrumento, axudándoos a a acceder á información en páxinas descoñecidas para eles e, o que é máis importante, a recoñecer a fiabilidade das fontes e a seleccionar a información relevante, sen esquecer outros instrumentos que a informática pon nas súas mans, como editores de texto, programas para realizar presentacións, retoque fotográfico, etc.

Bloque 4. Literatura latina

LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.

LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.

LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores contemporáneos e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

Bloque 5. Textos

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

4.- Aprender a aprender. Estándares de aprendizaxe.

Aínda que esta competencia se traballará, en maior ou menor medida, na práctica totalidade dos estándares de aprendizaxe, destacaremos aqueles onde será maior a súa presenza e rendibilidade, pola aplicación de coñecementos previos para acadar outros novos, a combinación de diferentes habilidades e procedementos e a necesidade de tirar conclusións a través da análise dos datos.

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras de evolución fonética, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

Bloque 2. Morfoloxía

LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais,

conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán.

LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos de morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario

Bloque 3. Sintaxe

LAB3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.

Bloque 4. Literatura latina

LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores contemporáneos e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

Bloque 5. Textos

LA2B5.2.1 Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios dos textos.

Bloque 6. Léxico

LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.

LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.

5.- Competencias sociais e cívicas. Estándares de aprendizaxe.

O coñecemento doutras civilizacións, no noso caso a romana, permite xulgar a propia de xeito máis obxectivo, tanto nas súas virtudes e valores como nos seus defectos. Por outra banda, na civilización romana, como base da nosa civilización e cultura, podemos rastrexarnos, recoñecernos e explicármonos, identificar moitos dos elementos que fixeron que hoxe sexamos o que somos e como somos e, polo tanto, aprender a respectar, desde a propia identidade, a identidade dos outros e desenvolver a capacidade de convivencia e tolerancia.

Aínda que o estudo da cultura romana se reduce neste curso case exclusivamente á literatura, esta mesma é un espello onde se reflicten moitos dos valores, aspiracións e conflitos daquela cultura: o patriotismo, o poder político e os seus excesos, os conflitos sociais, o amor, a ansia de realización persoal, as diferenzas de xénero, etc.

Bloque 4. Literatura latina

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos de literatura contemporánea.

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

Bloque 5. Textos

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

6.- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Estándares de aprendizaxe.

Os grupos de latín están constituídos habitualmente por un número de alumnos inferior ao doutras disciplinas o que permite que a formulación metodolóxica das clases estea orientada á participación

permanente e cotiá do alumnado. Agás as explicacións dos contidos conceptuais, as tarefas son realizadas polos propios alumnos baixo a supervisión do profesor sen que o profesor decida quen vai ser o que lea un texto ou o que corrixa un exercicio. Do mesmo xeito eles escollen entre varias propostas o tema sobre o que vai versar o traballo de cultura e civilización e a forma de realizalo e expoñelo. Consideramos que este xeito de traballar contribúe notablemente ao desenvolvemento das iniciativas persoais e a regulación gradual por parte de cada alumno e alumna da súa propia actividade participativa, individual ou colectivamente. No presente curso, a realización de traballos e actividades por parte dos alumnos afectará especialmente ao estudo da literatura latina, o léxico e o comentario de textos.

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.

OBXECTIVOS: d/p/g

Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

Bloque 4. Literatura latina

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

La2B4.4.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos de literatura contemporánea.

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

Bloque 5. Textos

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

Bloque 6. Léxico

LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do

contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.

7.- Conciencia e expresións culturais. Estándares de aprendizaxe.

A materia de Latín pode e debe axudar aos alumnos a coñecer mellor e valorar criticamente o seu patrimonio cultural. O estudo da gramática e o léxico latino redonda nun maior dominio das linguas modernas, especialmente do galego e do castelán, pero tamén na conciencia dun acervo cultural común a tódalas linguas románicas e non románicas. Na literatura latina, tan influída pola grega, sen a que non se entende, está unha das principais raíces da literatura, e incluso do pensamento e da arte occidentais. Coñecela, aprender a valorala e descubrir as súas pegadas na tradición europea ata hoxe é fundamental para entender a nosa propia cultura occidental e tomar conciencia da súa unidade e da súa variedade.

Bloque 4. Literatura latina

LA2B4.1.1 Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.

LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

Bloque 5. Textos

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

